PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 461 | VIII lexislatura | 2 de maio de 2011

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

– Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 64248) 141003
– Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 64249) 141006

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

- 08/PNC-1616 (60330)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel
Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas oportunas para garantir a asistencia e a participación dos escolares con discapacidade no Curso Internacional de Música organizado anualmente pola Asociación Interdisciplinar Musicosensorial para as Persoas con Necesidades Especiais, AIMPNE 141001

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

- 08/PNC-1346 (52905)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o funcionamento todos os días da semana do servizo de pediatría no centro de saúde do Rosal e a cobertura nel da praza vacante de matrona 141001

- 08/PNC-1613(60310)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre a adopción das medidas necesarias para o pagamento da renda de inserción social ás persoas con dereito a ela e o restablecemento dos equipos de inclusión social nas grandes cidades galegas e no Consorcio das Mariñas 141001

4. Procedementos de información

4.2. Interpelacións

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 25 de abril de 2011 en relación coa omisión da admisión a trámite da interpelación doc. núm. 63949 (08/INT-0804)

- 08/INT-00804(63949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que está a desenvolver ou previstas pola Xunta de Galicia para a reorganización da titularidade do mapa de estradas de Galicia, o estado das negociacións con cada unha das deputacións provinciais e os criterios que se van seguir ao respecto 141009

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.2. Persoal

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2011, polo que se modifica e se ordena publicar a relación de postos de traballo (RPT) actualizada do Valedor do Pobo 141012

1. Procedementos de natureza normativa

1.2. Proxectos e proposicións de lei

1.2.1. Proxectos de lei

Emendas á totalidade formuladas ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia

A Mesa da Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 2 de maio de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Cualificación de emendas á totalidade presentadas ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia (doc. núm. 63386, 08/PL-0025)

Examinados os escritos presentados e dado que se axustan ós requisitos establecidos no Regulamento da Cámara, acordan a súa admisión co seguinte detalle:

Emendas á totalidade (un total de 2):

- Do G.P. dos Socialistas de Galicia (doc. núm. 64248)
- Do G.P. do Bloque Nacionalista Galego (doc. núm. 64249)

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2011
Pilar Rojo Noguera
Presidenta

3. Procedementos de control e impulso

3.6. Proposicións non de lei

3.6.2. Proposicións non de lei en Comisión

3.6.2.3. Proposicións aprobadas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 28 de abril de 2011, adoptou o seguinte acordo:

Aprobación sen modificacións:

- 08/PNC-1616 (60330)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Balseiro Orol, José Manuel
Sobre a adopción pola Xunta de Galicia das medidas oportunas para garantir a asistencia e a participación dos escolares con discapacidade no Curso Internacional de Música organizado anualmente pola Asociación Interdisciplinar Musicosensorial para as Persoas con Necesidades Especiais, AIMPNE
BOPG núm. 421, do 02.03.2011

O texto aprobado é o seguinte:

"O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a adoptar as medidas oportunas para garantir a asistencia e participación dos escolares con discapacidade no Curso Internacional de Música e Musicoterapia que cada ano organiza a Asociación Interdisciplinar Musicosensorial a favor das Persoas con Necesidades Especiais (AIMPNE)."

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

3.6.2.4. Proposicións rexeitadas

A Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego, na reunión do 28 de abril de 2011, adoptou os seguintes acordos:

Rexeitamento das iniciativas:

- 08/PNC-1346 (52905)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Adán Villamarín, María do Carme e Bouza Santiago, Ana Luisa
Sobre o funcionamento todos os días da semana do servizo de pediatría no centro de saúde do Rosal e a cobertura nel da praza vacante de matrona
BOPG núm. 342, do 27.10.2010

- 08/PNC-1613(60310)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz e 3 deputados máis
Sobre a adopción das medidas necesarias para o pagamento da renda de inserción social ás persoas con dereito a ela e o restablecemento dos equipos de inclusión social nas grandes cidades galegas e no Consorcio das Mariñas
BOPG núm. 421, do 02.03.2011

Santiago de Compostela, 28 de abril de 2011
Ricardo Jacinto Varela Sánchez
Vicepresidente 2.º

4. Procedementos de información

4.2. Interpelacións

Corrección de erros na execución dos acordos da Mesa do Parlamento do día 25 de abril de 2011 en relación coa omisión da admisión a trámite da interpelación doc. núm. 63949 (08/INT-0804)

Advertido un erro material, por omisión, na relación das iniciativas admitidas a trámite pola Mesa do Parlamento na reunión do 25 de abril de 2011, procédese á súa corrección nos seguintes termos.

No apartado de Procedementos de información debe engadirse:

Interpelacións

Admisión a trámite e publicación

- 08/INT-00804(63949)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xabier e Losada Álvarez, Abel Fermín
Sobre as actuacións que está a desenvolver ou previstas pola Xunta de Galicia para a reorganización da titularidade do mapa de estradas de Galicia, o estado das negociacións con cada unha das deputacións provinciais e os criterios que se van seguir ao respecto.

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2011.
Xosé Antón Sarmiento Méndez
Letrado Oficial Maior

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:02
Nº Rexistro: 64248
Data envio: 25/04/2011 18:02:19.467

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 112 do Regulamento da cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **emenda á totalidade ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galicia**, con expresa petición de devolución en virtude das seguintes consideracións:

O Grupo Parlamentario Socialista formula esta emenda á totalidade ao entender que estamos ante un proxecto regresivo, e perigoso para as políticas públicas sociais de Galicia, para as políticas de igualdade, para o Dereito Civil de Galicia e que estamos ante un texto que fai retroceder a nosa sociedade dous séculos.

Estamos ante un texto que, lonxe de afrontar solucións reais e rigorosas cara á diagnose de envellecemento e perda de poboación de Galicia, transforma este feito nun argumento -escusa para contentar ao electorado máis radical da dereita española e galega-, alentando nun proxecto de lei deficitario, cuestións que teñen claras implicacións ideolóxicas, e nula capacidade de resolución dos problemas das familias en Galicia. Estamos ante un texto frívolo, opaco, retrógrado, baleiro de contidos prácticos e de medidas construtivas, pragado de discursos rancios propios da dereita máis retrógrada.

Estamos ante un texto que ataca as políticas sociais en Galicia porque non existe ningún compromiso real cos servizos públicos de apoio ás familias, aos diferentes tipos de familia. E máis, non existen sequera medidas concretas para a suposta defensa daquelas familias, como as numerosas, que se supoñen erradamente beneficiadas por esta lei de ampla parafernalia mediática e de nulo contido legal ao non conter ningunha medida de eficacia práctica.

A preocupación polo desmantelamento das políticas sociais en Galicia, que vén sendo unha realidade dende a toma de posesión do Goberno de Núñez Feijoo no goberno, atopa un claro exemplo neste texto legal, unha lei que xira en torno a un nulo potenciamento dos servizos públicos, xa boicoteados polo Goberno do Partido Popular, transformándoos no fomento da maternidade "case obrigada" sen

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:02
Nº Rexistro: 64248
Data envio: 25/04/2011 18:02:19.467

fomentar as medidas que a Administración pública debe favorecer creando as condicións para que, quen libremente queira asumir o proceso responsable de ser nai o pai, poida facelo, sendo conscientes, en todo caso, de que estamos sempre ante unha opción libre dentro das normas marcadas pola normativa vixente á que este texto en proxecto pretende burlar.

A Xunta de Galicia pretende a práctica dun fraude de lei a través dunha lexislación que vulnera, sen posibilidade nin competencia para derrogalas, outros textos lexitimamente aprobados como a Lei de igualdade, a Lei de interrupción voluntaria do embarazo ou a Lei de prevención da dependencia e atención ás persoas dependentes, lexislación "antipática" para o PP e que pretende burlar a través dun texto lexislativo moi discutible.

O texto que o Goberno popular presenta ao Parlamento non só supón un claro retroceso de dereitos para as mulleres e para diferentes modelos de familias hoxe xa recoñecidos legal e socialmente, senón tamén unha vulneración da protección dos dereitos das e dos menores ao prever a institucionalización como unha vía preferente de feito para a infancia deste país en diferentes situacións que exceden, en moitos supostos, a casuística de desamparo prevista no Dereito civil. O Goberno da Xunta de Galicia, buscando contentar o fanatismo dunha parte do seu electorado, pon en perigo a mesma protección do menor a través dunha lexislación que incorre en contradicións co Dereito de Familia, co propio Dereito civil de familia, creando unha situación de inseguridade xurídica e social neste país

Este Grupo Parlamentario comparte os graves argumentos manifestados polo Consello Económico e Social de Galicia en contra desta lei aos que nos remitimos. A aprobación desta lei suporía un paso de xigante atrás nunha sociedade que se vería de repente nun papel da muller xa case esquecido, nun papel das administracións públicas ocioso respecto ao fomento dos servizos públicos que garantan o benestar en condicións de igualdade de oportunidades para todas as familias, e nun espazo "impune e franco" cara a leis estatais vixentes.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:02
Nº Rexistro: 64248
Data envio: 25/04/2011 18:02:19.467

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Estamos ante un texto dramático para unha sociedade do século XXI, ante un texto que mesmo retrocede ante o artigo 39 respecto á protección das familias proclamado na Constitución española, e solicitamos, por todo o exposto, a súa devolución ao ser incompatible co benestar da sociedade e das familias galegas.

Pazo do Parlamento, 25 de abril de 2011

Asdo: Abel Losada Álvarez
Deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Abel Fermín Losada Álvarez na data 25/04/2011 18:00:20

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:10
Nº Rexistro: 64249
Data envio: 25/04/2011 18:10:34.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, a iniciativa do seu deputado e portavoz **Carlos Aymerich Cano,** apresenta a seguinte **emenda á totalidade, de devolución, ao Proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galiza (doc. 63.386)** polos seguintes motivos:

O ditame do CES sobre o anteproxecto de lei de apoio á familia e á convivencia considera que o texto supón unha grave regresión, nomeadamente no que atinxe aos dereitos das mulleres. Literalmente o indicado ditame estabelece que "pese á ambigüidade do seu título o anteproxecto non pretende estabelecer accións de apoio á convivencia, senón recuperar o rol tradicional das mulleres, para aforrar así en recursos orzamentais en dependencia, en gardarías e escolas infantis, en actividades extraescolares e comedores". Compartimos totalmente este xuízo do CES máxime cando entre o texto do anteproxecto e o do proxecto de lei producíronse modificacións que acentúan o carácter regresivo do texto e a falta de medidas concretas de apoio real ás familias. Mais vaiamos por partes.

1. O texto descoñece os textos internacionais relativos aos dereitos das mulleres que desde a Conferencia de Pequín aluden ao empoderamento antes que a proteción e recoñecen plenamente o dereito á saúde sexual e reprodutiva e á planificación familiar. Sen dúbida trátase dun silenzo consciente, dado que o proxecto está inspirado nunha moral familiar e sexual retrógrada e incompatíbel con estes dereitos recoñecidos internacionalmente.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:10
Nº Rexistro: 64249
Data envio: 25/04/2011 18:10:34.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. Mais a teimosía coa que se di defender a familia – en realidade un modelo determinado de familia – contrasta vivamente coa ausencia de medidas concretas á crianza de fillos e fillas ou ao coidado de dependentes. Non se trata só de que como consecuencia das políticas de austeridade se eliminasen ou reducisen drásticamente medidas reais de apoio ás familias (como, por só pormos un exemplo, as axudas complementares á desgravación fiscal por fillos e fillas menores de tres anos a cargo) é que as poucas que contemplaba o anteproxecto de lei (prioridade orzamental para as políticas de familia, beneficios fiscais, axudas en materia de transporte ou medidas de conciliación laboral) foron eliminadas do texto final dun proxecto que ten custo cero.

3. No ámbito dos menores salienta negativamente, máis outra vez, o descoñecemento da Convención de Dereitos dos Nenos e das Nenas e, no ámbito galego, do "Plano Estratéxico Galego da Infancia e da Adolescencia 2007-2011" en coherencia, por outra parte, co incumprimento do que na prática vén sendo obxecto desde a chegada do PP ao goberno. En liña con outros proxectos e actuacións deste goberno o texto proxecta unha idea problemática e conflitiva dos menores, incidindo nas medidas represivas e disciplinarias e obviando a idea do empoderamento presente nos texto internacionais sobre a materia.

Así as cousas, por ser un texto profundamente regresivo, por intentar impor ao conxunto da sociedade unha moral retrógrada, por descoñecer os dereitos recoñecidos internacionalmente ás mulleres e aos menores e por non contemplar nin medidas nin ornamentos concretos para apoiar, de verdade, ás familias galegas,

SOLICITAMOS a devolución ao Goberno deste proxecto de lei de apoio á familia e á convivencia de Galiza.

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/04/2011 18:10
Nº Rexistro: 64249
Data envio: 25/04/2011 18:10:34.458

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.es
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 25 de abril de 2011.

Asdo.: Carlos Aymerich Cano

Deputado e Portavoz do G.P. do BNG.

Asinado dixitalmente por:

Carlos Ignacio Aymerich Cano na data 25/04/2011 18:03:44

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:53
Nº Rexistro: 63949
Data envio: 14/04/2011 09:53:05.522

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Á Mesa do Parlamento

Pablo Xabier López Vidal e Abel Losada Alvarez, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Interpelación**.

Na anterior lexislatura o Plan Director de Estradas de Galicia contiña un pormenorizado programa de acción con propostas de transferencias de titularidade de estradas entre administracións.

A proposta consistía en incorporar á rede autonómica máis dun milleiro de quilómetros que hoxe pertencen ás Deputacións e os Concellos e que estes asumisen uns centos de quilómetros que na actualidade son competencia da Xunta de Galicia.

Este plan prevía un reaxuste competencial con cambios de titularidade que respondían a concepción da rede de estradas como un conxunto, á necesidade de configurar unha rede viaria máis funcional e con condicións de seguridade aceitadas.

Nese senso o proceso de participación abriuno o Presidente Touriño un 14 de abril de 2008 nunha xuntanza mantida cos catro presidentes das Deputacións Provinciais, na que se acordou encetar un proceso negociador de cara a unha mellor articulación competencial da rede de comunicacións por estrada no noso país, pois os cidadáns non entenden de propiedades, senón das condicións das vías polas que circulan.

O criterio estabelecido á hora de proceder ao reparto competencial, quedou establecido segundo os seguintes motivos:

- Transferencias propostas da Xunta de Galicia ás Deputacións e Concellos:
  - Estradas que non cumpren funcións de articulación territorial.
  - Restos de treitos acondicionados.
  - Travesías de poboación, trala execución de variantes.
  - Vías que discorren integramente por áreas urbanas.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:53
Nº Rexistro: 63949
Data envio: 14/04/2011 09:53:05.522

- Transferencias propostas das Deputacións e Concellos a Xunta de Galicia:
  - Estradas que cumpren unha función de articulación territorial.
  - Accesibilidade a entornos especiais.

Daquelas un dos obxectivos primordiais da planificación das estradas era que as cabeceiras de todos os concellos de Galicia contasen cun acceso a través dunha vía de comunicación de titularidade autonómica. Na actualidade aínda existen preto de medio cento de cabeceiras de concello que non teñen un acceso autonómico. Nese senso a reestruturación programada perseguía afrontar este déficit que supón que os cidadáns de determinadas zonas do pais non dispoñan de infraestruturas de comunicación cun nivel técnico e de seguridade axeitado.

Coa chegado ao Goberno do Partido Popular esta iniciativa quedou esquecida na noite dos tempos e só foi resucitada fai escasos meses para iniciar un proceso mutilado de transferencias que só abranguía a Deputación de Pontevedra.

Foi en decembro de 2010 cando se asina un convenio, entre amistoso e partidario, entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Pontevedra para a transferencia de estradas para adaptarse aos cambios na evolución da mobilidade.

Con outros organismos provinciais existen conversas a nivel técnico que a día de hoxe están absolutamente paralizadas. Cos Concellos de Galicia que non contan cun acceso a súa capitalidade de titularidade autonómica, non consta ningún tipo de aproximación ou conversa en aras deste proceso de reorganización competencial en materia de vías de comunicación.

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/04/2011 09:53
Nº Rexistro: 63949
Data envio: 14/04/2011 09:53:05.522

Grupo Parlamentario

Partido dos Socialistas de Galicia

Tendo en conta a necesidade deste proceso negociador e diante das nulas negociacións cos Concellos e as discriminatorias actuacións con determinado organismo provincial, deixando adiados os outros, é polo que os deputados que asinan interpelan ao Goberno galego nos seguintes termos:

1. Que actuacións está a desenvolver ou pensa exercitar a Xunta de Galicia de cara a reorganización da titularidade do mapa de estradas da Comunidade Autónoma?

2. En que estado están as negociacións con cada unha das catro deputacións galegas de cara a reorganización competencial da rede de estradas de Galicia?

3. Segundo a folla de ruta empezada polo actual Goberno do Sr. Feijóo, serán as cores políticas as que determinen a transferencia recíproca de determinadas vías de comunicación?

Pazo do Parlamento, 14 de abril de 2011

Asdo.: Pablo Xabier López Vidal
Abel Losada Alvarez
Deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Pablo Xabier López Vidal na data 14/04/2011 9:48:21

Abel Fermín Losada Álvarez na data 14/04/2011 9:48:25

Rúa do Hórreo, s/n Parlamento de Galicia. Tfno: 981 551 530 – Fax: 981 551 418 · 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA gp-socialista@parlamentodegalicia.es

8. Administración do Parlamento de Galicia

8.2. Persoal

Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia, do 25 de abril de 2011, polo que se modifica e se ordena publicar a relación de postos de traballo (RPT) actualizada do Valedor do Pobo

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa sesión do día 25 de abril de 2011, conforme o establecido no artigo 10.2 da Lei reguladora do Valedor do Pobo, acordou modificar a relación de postos de traballo da dita Institución nos seguintes termos:

Número de posto	Denominación	Forma de provisión
2	Asesor-Coordinador	Libre nomeamento do Valedor
13	Administrativo de asistencia inmediata ao Valedor	Libre designación
19	Auxiliar administrativo de asistencia inmediata ao Valedor	Libre designación

Nesa mesma reunión a Mesa do Parlamento acordou a publicación da relación de postos actualizada, que se inxire a continuación.

Santiago de Compostela 26 de abril de 2011.

José Manuel Baltar Blanco

Vicepresidente 1º

RPT VALEDOR DO POBO

Nº orde	Unidade Orgánica	Denominación do posto	Vacante	Nivel C.D.	C. Específico Euros / ano	Adscripción Grupo	Adscripción Corpo	Tipo de posto	Forma de provisión	Observacións
1	Asesoría	Asesor-secre. xeral		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
2	Asesoría	Asesor - Coordinador		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
3	Asesoría	Asesor		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
4	Asesoría	Asesor		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
5	Asesoría	Asesor		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
6	Asesoría	Asesor		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
7	Asesoría	Asesor		30	32.705,68				NLV	Persoal eventual
8	Asesoría	Asesor-Gabinete de Comunicación		25	23.305,66				NLV	Persoal eventual
9	Serv. Adtvos.	Xefe/a Serv. Adtvos.	SI	29	30.826,74	A	Superior	N	LD	Persoal funcionario
10	Serv. Adtvos.	Unidade de asuntos ec.e réxime interior		20	19.722,64	B/C	Administrativo	S	LD	Persoal funcionario (*)
11	Serv. Adtvos.	Adtvo/a Secretaría Valedor		20	15.355,48	C	Administrativo	N	LD	Persoal funcionario
12	Serv. Adtvos.	Administrativo/a		20	15.355,48	C	Administrativo	N	C	Persoal funcionario (*)
13	Serv. Adtvos.	Administrativo/a de asistencia inmediata ao VP	SI*	20	15.355,48	C	Administrativo	N	LD	Persoal funcionario (*)
14	Serv. Adtvos.	Aux. adtvo/a Secretaría Valedor	SI	16	14.664,58	D	Auxiliar	N	LD	Persoal funcionario
15	Serv. Adtvos.	Aux. administrativo/a		16	14.664,58	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
16	Serv. Adtvos.	Aux. administrativo/a		16	14.664,58	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
17	Serv. Adtvos.	Aux. administrativo/a		16	14.664,58	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
18	Serv. Adtvos.	Aux. administrativo/a	SI	16	14.664,58	D	Auxiliar	N	C	Persoal funcionario (*)
19	Serv. Adtvos.	Aux. administrativo/a de asistencia inmediata ao VP	SI*	16	14.664,58	D	Auxiliar	N	LD	Persoal funcionario (*)
20	Serv. Adtvos.	Conserxe		14	16.063,18	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario
21	Serv. Adtvos.	Uxier		13	15.196,58	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario
22	Serv. Adtvos.	Uxier		13	15.196,58	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario
23	Serv. Adtvos.	Conductor-ordenanza		14	19.919,62	E	Subalterno	N	C	Persoal funcionario

LECTURA DAS ABREVIATURAS:

TIPO DE POSTO: S= SINGULARIZADO
N= NON SINGULARIZADO
VACANTE: SI* = CUBERTA EN COMISIÓN DE SERVICIO

OBSERVACIÓNS: (*) Coñecemento de informática a nivel de usuario

FORMA DE PROVISIÓN:

NLV= NOMEAMENTO LIBRE POLO VALEDOR DO POBO (Artigo 10.2 da Lei do Valedor do Pobo)
LD= LIBRE DESIGNACIÓN
C= CONCURSO

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727